

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 30 de marzo de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción para alargamento e mellora da LU-114 na contorna do punto quilométrico 1+100, de clave LU/19/160.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto de referencia.

Antecedentes:

Pola Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 20 de marzo de 2020 emitíuse unha resolución de aprobación provisional do proxecto de construción para alargamento e mellora da LU-114 na contorna do p.q. 1+100, de clave LU/19/160.10.

O obxecto do proxecto é levar a cabo as obras de alargamento e mellora da estrada LU-114 na contorna do p.q. 1+100. Neste punto existe a necesidade de homoxeneizar a largura da vía corrixindo un estreitamento. Para solucionar isto, expropiárase parte deste predio e das instalacións existentes nel, actualmente en desuso, para levar a cabo a ampliación da plataforma e albergar un carril de circulación, unha beirarrúa de 1,75 metros de largo na marxe dereita que dea continuidade ao itinerario peonil e unha banda de aparcamento de 2,5 metros de largo.

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.



Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase durante un período de trinta (30) días hábiles, na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Lugo (rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo), e na Casa do Concello de Lugo (Praza Maior, 1, 27001 Lugo). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas) atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

O cómputo do prazo iniciárase no momento en que perda vixencia o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo de 2020) ou, de ser o caso, as súas prórrogas.

Para o suposto de ser un suxeito obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas ou de optar por este medio, as comunicacións deberán realizarse presentando o formulario do procedemento Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non dispoñan dun sistema electrónico específico nin dun modelo electrónico normalizado, con código de procedemento PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>). Neste caso, deberá escollerse como destinatario do formulario a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e, dentro desta, a Axencia Galega de Infraestruturas.

Na medida en que os documentos de propostas, observacións e/ou suxestións presentadas conteñan datos de carácter persoal, a súa entrega implicará, de conformidade coa lexislación de protección de datos, o consentimento da súa publicación no marco deste proceso participativo. O tratamento dos datos persoais aterase ao disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e quen participe neste proceso poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición cubrindo a debida solicitude dirixida á Axencia Galega de Infraestruturas.

Calquera dúbida sobre o proceso pode dirixirse ao correo electrónico:

infraestruturas.cim@xunta.gal.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2020

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción para alargamento e mellora da LU-114 na contorna do p.q. 1+100, de clave LU/19/160.10.
Concello de Lugo (lugar: Gándara)

Nº de orde	Polígono	Parcela	Referencia catastral	Propietario	NIF/CIF	Situación básica do solo	Uso	Superficie afectada (m ²)	Superficie total (m ²)	Bens afectados
1			002302900PH16F	Mármoles López, C.B.	E27042084	Rural	Industrial	53,00	137	1 pozo de barrena. Edificación grande 45,8 m ²
2	90	254	27900A09000254	Veiga González, Enrique	-----	Rural	Agrario	27,00	116	Edificación pequena 7,5 m ²

